



D^a. OLGA ALONSO SUÁREZ, CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO

C E R T I F I C O: Que a Xunta de Goberno Local, na sesión **extraordinaria e urxente do 9 de novembro de 2017**, adoptou o seguinte acordo:

3.- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE HUMANIZACIÓN DA RÚA CANCELEIRO, ENTRE ROSALÍA DE CASTRO E GARCÍA BARBÓN. EXPTE. 4668/440.

Dáse conta da proposta asinada en data 2/11/17 pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 2 de novembro de 2017, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

10.- Propostas de clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Canceleiro, entre Rosalía de Castro e García Barbón (4.668-440)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2^a TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Excluir deste procedemento aos seguintes licitadores, por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificado, ben porque non presentaron xustificación ningunha en prazo ou porque non se cumpren os requisitos para consideralas xustificadas consonte o informe asinado pola enxeñeira industrial da Área de Fomento e o enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos da Área de Servizos Xerais o 27 de outubro de 2017:

1. OBRAS, REFORMAS Y SANEAMIENTOS, S.L.
2. CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.
3. CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Canceleiro, entre Rosalía de Castro e García Barbón (4.668-440) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación
1	PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	93,88
2	CONSTRUCCIÓN, OBRAS E VIAIS, S.A.	92,78
3	NAROM, S.L.	91,38
4	ORECO EMPRESA CONSTRUCTORA	90,68
5	NEMESIO ORDÓÑEZ, S.A.	90,67
6	IVANCA, S.L.	88,98



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 14/11/2017 09:44

Páxina 1 de 2

Expediente 4668/440

Código de verificación: 23E84-4C42D-C8DD8-D3225

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

	Licitadores	Puntuación
7	SERVICIOS MEDIO AMBIENTALES DEL MIÑO, S.L.	87,63
8	ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN EDIFICACIÓN Y VIALES, S.L. (ACEVI)	87,11
9	EXCAVACIONES Y TRANSPORTES BC, S.L.	86,34
10	MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L. (MAR-CONSA)	85,32
11	SESTRAMA-09, S.L.	79,28
12	CONSTRUCCIONES VALE, S.L.	77,61
13	EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PÉREZ PORTELA, S.L.	76,50
14	ASFALGAL TECNICAS VIARIAS, S.L.	74,36
15	EXCAVACIONES Y OBRAS MELCHOR, S.L.	73,17
16	ENDENOR MANTENIMIENTO Y SERVICIOS, S.L.	71,85

Terceiro.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Cuarto.- Requerir ao citado licitador o aboamento de 1.037,68 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E para que así conste e produza os seus efectos, emito a presente certificación coa salvedade do artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, de orde do Excmo. Alcalde, en Vigo a data da sinatura dixital.

CCA/me

V. e Pr.
O ALCALDE,
Abel Caballero Álvarez.



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 14/11/2017 09:44

Páxina 2 de 2

Expediente 4668/440

Código de verificación: 23E84-4C42D-C8DD8-D3225

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>